

Estimadas familias

Nas últimas semanas e días están saltando as alarmas nos centros educativos ao detectar no alumnado xogos de carácter violento e agresivo, que se están poñendo de moda nos recreos e patios, incluso entre os máis pequenos. A práctica deste xogo vén provocada, entre outros motivos, polo seguimento que unha famosa serie surcoreana está a ter na sociedade, coñecida como o Xogo da lura ou “Juego del calamar”. É por iso, que desde a escola se están a tomar medidas de contención de ditas prácticas e **recomendamos/ pedimos ás familias que eviten en todo o posible o visionado de series deste tipo así como de videoxogos que fagan apoloxía da violencia.**

Educar na tolerancia, na empatía, no diálogo, no uso da palabra e do argumento, como solución aos problemas da vida diaria, é unha tarefa de todos e todas.

FÓRA VIOLENCIA DAS NOSAS VIDAS!

O Equipo de Orientación

O Equipo Directivo